



INSTRUCCIÓN E DOCUMENTOS PARA SOLICITAR SUBVENCIONES DIRECTAS EXCEPCIONAIS PARA ASOCIACIONES E ENTIDADES

Tal e como establece a Ordenanza Xeral de Subvencions da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo no seu artigo 2, cando, por razón da natureza da actividade a subvencionar ou das características da persoa ou entidade que haxa de executar aquela actividade, non sexa posible promover a concorrencia pública, as subvencions outorgaranse mediante resolución ou acordo motivado do órgano competente para concedelas, no que se farán constar as razóns que xustifiquen a excepción da convocatoria en réxime de concorrencia, así como a forma en que deberá ser xustificada a aplicación dos fondos recibidos.

Así mesmo, dispón o artigo 18 do mesmo texto normativo que as subvencions contempladas no artigo 2, que quedan exceptuadas do réxime de concorrencia, formalizaranse previo convenio, no seu caso, coa entidade beneficiaria, no que, obrigatoriamente, se establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na Lei Xeral de Subvencions.

Pola súa parte, o artigo 22.2.c) da Lei Xeral de Subvencions establece que se poderán conceder de forma directa, con carácter excepcional, aquelas outras subvencions en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Pois ben, en aras do cumprimento dos principios de celeridade, que debe presidir a tramitación de todo procedemento administrativo, e de eficacia, que constitúe un principio esencial no funcionamento das Administracións Públicas, as entidades ou asociacións que desexen solicitar subvencions directas excepcionais ante esta Deputación de Lugo deberán **observar con detemento as seguintes instrucións:**

Toda entidade ou asociación que queira solicitar a concesión de unha subvención directa de carácter excepcional ante a Deputación Provincial de Lugo deberá achegar a seguinte documentación (sen prexuízo de que, en aplicación do artigo 66.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poida acompañar os elementos que estime convenientes para precisar ou completar os datos dos modelos propostos, os cales deberán ser admitidos e tidos en conta polo órgano ao que se dirixan):

- Solicitud para a concesión da subvención (**Anexo I - Solicitud**), datada e asinada dixitalmente polo representante legal da entidade, no que deberá constar:
 - Os datos da entidade solicitante, tal como se reflicten no CIF da entidade, expedido pola Axencia Tributaria Estatal.
 - Os datos do representante legal da entidade.
 - A denominación da actuación a subvencionar.
 - A anualidade na que se vai executar a actuación subvencionable (2020).
 - O importe da subvención solicitada.
 - A indicación de si se solicita anticipo con dispensa de garantía.

De solicitarse anticipo, con dispensa de garantía, deberá indicarse a porcentaxe e o importe do mesmo.

Soamente se poderá solicitar anticipo con dispensa de garantía, e ata un máximo do 50% da subvención solicitada, cando o importe da subvención solicitada sexa igual ou superior a 3.000,00€ e en



circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actuación subvencionable doutro xeito. -

- A declaración responsable do representante da entidade de que a mesma cumpre cos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario.
- O desglose de financiamento da actuación obxecto da subvención, tendo en conta que os fondos propios da entidade deben financiar como mínimo o 5% do custo total da actuación.
- A indicación de si a entidade asumirá ou non o custo do imposto sobre o valor engadido (IVE) dos gastos da actuación a subvencionar, por ter ou non a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- A indicación de si a entidade ten, ou non, solicitadas e ou concedidas, outras subvencións ou axudas a outras administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas nacionais ou internacionais para a mesma actuación subvencionable.

En caso afirmativo, deberán indicarse as entidades ás que se lle solicitaron as subvencións ou axudas, a cantidade solicitada, o estado da resolución das mesmas (pendente, denegada ou concedida) e o importe concedido.

Os datos deben corresponderse cos indicados no desglose de financiamento da actuación obxecto da subvención.

- A indicación, de ser o caso, da existencia doutras axudas sen achega económica (patrocinio, etc.) doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas, obtidas para mesma actuación subvencionable.

De ser o caso, deberá indicarse a entidade e o concepto da achega non económica que percibirá.

- A autorización do representante da entidade para que, de ser preciso, a Deputación de Lugo solicite os certificados que acrediten que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e ao Servizo de Recadación Provincial.

- Certificado do/a secretario/a da entidade (**Anexo II**), co visto e prace do presidente, asinado dixitalmente, no que deberá constar:
 - Datos do/a secretario/a da entidade.
 - Datos da entidade solicitante, tal como se reflicten no CIF da entidade, expedido pola Axencia Tributaria Estatal.
 - Datos do representante da entidade.
 - Datos sobre o acordo de nomeamento do representante legal, (no caso de non ser xa o representante legal).
 - Indicación de que os estatutos da entidade presentados están vixentes.



- **De ser o caso**, solicitude de autorización para a subcontratación de actividades subvencionadas con terceiros (**Anexo III**), cando a entidade pretenda a subcontratación, total ou parcial, da actuación subvencionable con terceiros.

Que deberá conter:

- Os datos do representante da entidade.
 - Os datos da entidade solicitante, tal como se reflicten no CIF da entidade, expedido pola Axencia Tributaria Estatal.
 - A denominación da actuación subvencionable.
 - Desglose de actividades a subcontratar con terceiros, dos que se indicará (nome ou razón social, CIF, actividade principal, vinculación co beneficiario, actividades a subcontratar e importe), importe total das actividades subcontratadas e a porcentaxe que dito importe supón con respecto ao importe da subvención solicitada.
 - A declaración responsable do representante da entidade de que a subcontratación, total ou parcial, da actuación subvencionable non será concertada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 29.7 da LXS.
- **No caso de que a actuación a subvencionar sexa unha obra**: achegarase o compromiso da obtención de licenzas e autorizacións preceptivas aos efectos do cumprimento da legalidade urbanística, e o respecto e protección do patrimonio histórico - artístico e do medio ambiente. (**ANEXO IV**)
 - **Outra documentación** a achegar:
 - **Copia do CIF da entidade.**
 - **Copia do DNI do/a representante da entidade.**
 - **Copia do DNI do/a secretario/a da entidade**
 - **Fotocopia dos estatutos da entidade**, inscritos no rexistro de asociacións correspondente.
 - **Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social** expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e o Servizo de Recadación Provincial. Para subvencións de importe igual ou superior a 3.000,00€, e sempre que non se autorizase a súa solicitude por parte da Deputación Provincial.
 - **Proxecto descritivo** e valorado economicamente da actuación a subvencionar, asinado dixitalmente polo representante da entidade, no que conste:
 - ◆ Memoria descritiva da entidade, describindo a denominación, os obxectivos e os fins que persegue, a súa localización, a solvencia, os colectivos aos que se dirixe, as actividades que desenvolve e a súa repercusión na sociedade, etc.
 - ◆ Memoria descritiva da actuación a subvencionar, na que conste necesaria e obrigatoriamente, acreditación suficiente da orixinalidade, singularidade e excepcionalidade da actuación, así como a dificultade de acudir a outros medios de financiamento, segundo determina a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo.



Débesse motivar a dificultade de comparar a actuación a subvencionar con outras coas que se puidese concorrer. En todo caso, deberá acreditarse que a actuación a subvencionar responde a razóns de interese público, social, económico ou humanitario.

No caso de que a actuación a subvencionar sexan obras, incluírá ademais unha memoria técnica valorada das mesmas, asinada por técnico competente.

- **Orzamento de ingresos e gastos da actividade**, cadrado e asinado dixitalmente polo representante da entidade.

En ningún caso os ingresos poden superar os gastos. Deberá ter en conta que, polo menos, o 5% do proxecto subvencionado, deberá ser financiado pola propia entidade beneficiaria. Debe de coincidir co indicado no Anexo I.

- **Para o caso de adquisición de bens inmoables**: o certificado do taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente Rexistro Oficial.
- **No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables** (tanto para obras como para o resto de investimentos), deberase acreditar a propiedade ou os dereitos de uso idóneos sobre os citados bens.
- **Tres orzamentos** que, en aplicación do artigo 31.3 da LXS, deberá ter solicitados a entidade beneficiaria a diferentes provedores con carácter previo á contracción do compromiso. Para subvencións $\geq 60.000,00\text{€}$.